

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 2 DE XULLO DE 2007.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana Maria Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xosé Durán Cao

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dous de xullo de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR DE 22 DE XUÑO DE 2007.- ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular o borrador da acta plenaria de 22 de xuño de 2007.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 22 de xuño de 2007.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DOTACION ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía sinalada no epígrafe.

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vaise abster, xa que estamos ante unha proposta do Sr. Alcalde sobre a que o grupo de AVEXO non ten nada que dicir. Polo Sr. Durán Cao manifestase que se vai abster, engadindo que o BNG estaría disposto a seguir coas mesmas dotacións que había antes.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que se vai abster.

Polo Sr. Alcalde manifestase que á vista das intervencións dos portavoces de AVEXO, BNG e PSOE, da a impresión de que esta proposta da Alcaldía non houbera sido tratada na Xunta de Portavoces, razón pola cal, é vista a actitude de ditos portavoces; manifesta que modifica a súa proposta de xeito que as dotacións económicas ós grupos municipais sigan sendo as mesmas que había antes.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao, acorda, aproba-la proposta da Alcaldía que a seguir se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDOS EN MATERIA DE DOTACIÓN ECONOMICA PARA GRUPOS POLITICOS DA CORPORACIÓN E DE INDEMNIZACIÓNS A CONCELLEIROS.

Pola Alcaldía-Presidencia proponse ó Pleno Municipal a adopción de acordo polo que:

a) Fixase unha dotación económica para Grupos Políticos da Corporación segundo o disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril co seguinte desglose:

1.-Compoñente fixo para cada grupo político: 300 Euros anuais.

2.-Compoñente variable: 120 Euros ó mes por cada Concelleiro, é dicir, 1.440 Euros ó ano por cada concelleiro integrado no Grupo.

Tódolos Grupos Municipais deberán solicitar a obter da Axencia Tributaria, o correspondente CIF.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DO ALCALDE- PRESIDENTE, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE RECOÑECIMIENTO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á ALCALDIA.

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, propónse ó Pleno Municipal que o desempeño do cargo da Alcaldía, se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva, cunhas retribucións anuais de 14 pagas de 4.550 € brutos (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

A cantidade citada, incrementarase para exercicios sucesivos, do mesmo xeito que para o persoal integrado no cadro de persoal do Concello de Xove, segundo o establezan as respectivas Leis de presupostos xerais do Estado, e demais normativas de aplicación.”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo está a favor da dedicación exclusiva do Sr. Alcalde, pero que vai votar en contra da proposta obrante no expediente, por considerar excesivas as retribucións que na mesma se fixan.

Polo Sr. Alcalde contestase que resulta increíble que o Sr. Pernas Rodríguez considere excesivas unhas retribucións de 2.993 Euros netos ó mes, cando na lexislatura pasada, aprobou unhas retribucións para o desempeño das labores de Alcaldía en dedicación exclusiva por importe de 3.679 Euros netos ó mes.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que a súa proposta reflicte o seus ingresos actuais polo traballo desenvolvido como Axente de Desenrolo Local no Concello de Burela e como Axente de Seguros, engadindo que si os membros da Corporación ven lóxico que un Alcalde, para desenvolver o seu traballo teña que perder cartos.

Polo Sr. Durán Cao sinalase que o seu Grupo está a favor da dedicación exclusiva, pero en contra das retribucións que se propoñen, por consideralas excesivas, sinalando que ditas retribucións deberían ser idénticas as que actualmente percibe no Concello de Burela.

Polo Sr. Alcalde contestase que o seu traballo como axente de seguros é tan legal como o que desempeña en horario de mañá no Concello de Burela, engadindo que non entende como a Oposición non considera as retribucións que percibe como Axente de Seguros, á hora de determina-lo seu salario como Alcalde.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase que está a favor da dedicación exclusiva, pero encontra do importe das retribucións que considera excesivas, sinalando que o Alcalde debería cobrar mais ou menos, o que cobra no Concello de Burela.

Remata a súa intervención o Sr. Ben Fernández sinalando que o actual Alcalde, durante a campaña electoral criticou duramente o soldo do anterior Alcalde, de xeito que o tema acabou no xulgado, e sen embargo, neste momento propón que o grupo de goberno en conxunto, cobre unha cantidade similar á que cobraba o grupo de goberno anterior.

Polo Sr. Alcalde sinalase que nun último intento de desbloquear este tema, modifica a súa proposta de xeito que rebaixa as retribucións de 4.550 Euros a 4.000 Euros, manifestando igualmente que xa leva un mes negociando este tema cos portavoces da oposición, e que lle da a impresión de que non existe vontade ningunha para chegar a acordos.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que os portavoces dos grupos municipais da oposición, deberán explicar ós veciños de Xove, as razóns polo que non van poder ser atendidos nas súas peticións e xestións ante o Concello, en horarios normais de oficina, xa que seu Alcalde vese obrigado a ter que seguir traballando no Concello de Burela.

Sometido a votación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, coa modificación igualmente transcrita, é rexeitada cos votos dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao.

Os Sres. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro votan a favor.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE TERCER TENENTE DE ALCALDE, E DELEGADA DE AGRICULTURA, GANDEIRIA E MONTES, CULTURA, EDUCACION E TURISMO POR D^a MARIA DOLORES MEITIN GUERREIRO E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE DEDICACION EXCLUSIVA A TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE D^a MARIA DOLORES MEITIN GUERREIRO.

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

1º) Que o exercicio por parte da Concelleira e Terceiro Tenente de Alcaldía e Delegada de Agricultura, Gandería e Montes, Cultura, Educación e Turismo D^a Maria Dolores Meitin Guerreiro, se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva, por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 1.935,00€ (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

2º) A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.

3º) Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sean precisas para o bo fin dos acordos adoptados.”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifesta que o grupo de AVEXO está a favor desta dedicación exclusiva, pero que vai votar en contra da proposta, por considerar excesivas as retribucións, engadindo que ditas retribucións deberían ser iguais ás que a Tenente de Alcalde percibe na actualidade polo seu traballo.

Polo Sr. Alcalde pregúntase ó Sr. Pernas Rodríguez si no ano 2003, o Sr. Alcalde D. Jesús López González cobraba unha pensión de xubilación de 5.256,06 Euros brutos ó mes que foron ás retribucións que vostede aprobou, e se o Tenente de Alcalde D. Secundino Vázquez Fra cobraba en dito ano de 2003, unha pensión de invalidez de 1.612.02 Euros brutos ó mes, que foron ás retribucións que vostede aprobou.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que naquel tempo creouse e púxose en marcha a Delegación de Agricultura, pioneira é única na Provincia, e iso valorouse.

Polo Sr. Durán Cao manifestase que vai votar en contra da proposta, por considerar que unha dedicación exclusiva é mais que suficiente.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente que vai votar en contra da proposta, por considerar que unha dedicación exclusiva é mais que suficiente.

Polo Sr. González Álvarez manifestase que sería convinte saber a opinión do anterior Delegado de Agricultura, para que diga si é necesaria ou non a dedicación exclusiva para levar dita Delegación.

Polo Sr. Vázquez Fra contestase que leva 20 anos traballando no concello sen disfrutar vacacións, sinalando que a Delegación de Agricultura, Gandeiría e Montes, conleva moitísimo traballo e dedicación, como ven saben a maioría dos veciños de Xove.

Remata a súa intervención o Sr. Vázquez Fra, sinalando que durante todos eses anos, tamén levou as tarefas de Tesoureiro, sen cobrar unha peseta.

Rematado o debate, e sometida a votación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, é rexeitada cos votos dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao.

Os Sres. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro votan a favor.

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE, E DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE, XUVENTUDE, MULLER E POLITICAS DE IGUALDADE, POR D^a ANA ABAD LOPEZ, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE RECOÑECIMIENTO DE DEDICACION PARCIAL A SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE D^a ANA MARIA ABAD LOPEZ.

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

1º) Que o exercicio por parte da Concelleira e Segunda Tenente de Alcaldía e Delegada de Servizos Sociais, Sanidade, Xuventude, Muller, e Políticas de Igualdade, D^a Ana Abad López se desempeñe en réxime de dedicación parcial (15 horas semanais) , por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 1.000,00€ (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

2º) A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.

3º) Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sean precisas para o bo fin dos acordos adoptados.

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que se ven o Servizos Sociais son unha das áreas mais importante da actividade municipal, non é menos certo que na plantilla do Concello existe persoal suficiente, tanto en número como en preparación para que esta dedicación exclusiva que se propón, non sexa necesaria, razón pola cal, manifesta que o grupo de AVEXO vai votar en contra da proposta da Alcaldía.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a Segunda Tenente de Alcalde, non só levará a área de Servizos Sociais, senón que tamén se fará cargo doutras áreas igualmente importantes, como Sanidade, Xuventude, Muller, e Políticas de Igualdade.

Sinala igualmente o Sr. Alcalde, que o Concello de Xove, sómentes, na área específica de Servizos Sociais, gasta preto de 100 millóns de pesetas ó ano; o que na súa opinión xustifica sobradamente a existencia dun Concelleiro que por mil euros brutos ó mes, asuma as labores de coordinación de dita área e das outras áreas anteriormente citadas.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que esas labores de coordinación son absolutamente necesarias, como ó demostra o feito que pode servir de exemplo, de que se teñen detectado casos como o de unha beneficiaria da axuda no fogar que recibía ditos servizos nunha casa donde non vivía ninguén.

Polo Sr. Durán Cao reitéranse os argumentos manifestados no punto anterior, é dicir, que van votar en contra da proposta, por considerar que unha dedicación exclusiva é abondo.

Polo Sr. Ben Fernández reitéranse os argumentos manifestados no punto anterior, é dicir, que van votar en contra da proposta, por considerar que unha dedicación exclusiva é abondo.

Rematado o debate, e sometida a votación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, é rexeitada cos votos dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao.

Os Sres. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro votan a favor.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo